



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. E A ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DO MAR DE MUXÍA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA DA NOSA SRA. DA BARCA 2016.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 14 de marzo de 2016 ata o 20 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía para a o apoio á celebración da Romaría da Nosa Sra. da Barca 2016, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

2.- A Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción da cultura e organización dos festexos da Romaría da Barca, que se celebra cada ano no mes de setembro. A Asociación é fundada o 22 de decembro do ano 2004 por un grupo de xoves de Muxía (mariñeiros, mariscadores, estudantes,,,,,) cun interese común: organizar actividades culturais, pero sobre todo organizar as festas na honra da Virxe da Barca e desenvolver a súa vez actividades durante todo ano adicados á divulgación destes festexos.

3.- A Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e comprométese a través deste convenio de colaboración a colaborar economicamente no desenvolvemento da Romaría da Nosa Sra. Da Barca 2016.

4.- Asociación Cultural Festas do Mar de Muxía é a única que organiza a Romaría da Nosa Sra. Da Barca, o que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos

contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos